



Lois Diéguez asinando libros na presentación de 'Ónfalos' en Monforte

As poesías como flores

Tras un longo silencio poético, Lois Diéguez regresa ó verso con 'Ónfalos', un libro editado por Espiral Maior que é o resultado da dura experiencia que o escritor sufriu coa morte en accidente de Carme, a súa irmá, en novembro de 1999. En 'Ónfalos' están as marcas que foi deixando a vida, e a morte reconstrúese a si mesma como algo natural pero triste, un punto de inflexión tras o que só nos queda o recurso da memoria.

lores que o poeta lle leva á morte. Flores que simbolizan impotencia e vida. Rito necesario no que cada flor é unha palabra. Palavra dura e resistente contra a morte. Poema inmortal que o poeta inventa. Dor pero tamén superación. Pasado pero tamén futuro. Unha loita, a loita dos días, que discorren inúteis e vacíos, pero que ante a idea de morrer semellan maravillosos. "Non queremos morrer" dime o poeta, escuro na súa escuridade, vital no seu vitalismo de palabras que son flores. Flores duras, violentas, como as que miña nai lle pon a meu pai morto na lonxanía luminosa da aldea. Como os recordos que temos os vivos dos mortos, recordos aos que nos agarramos, nun abismo grande. *Ónfalos*, o novo libro do monfortino Lois Diéguez, publicado en Espiral Maior, é un libro de fotos. A poesía fai fotos. Para que a memoria quede viva, intacta, libre. Para que o ser humano se libere a través da poesía. É unha laboura importante, necesaria. Naceu este libro da dura experiencia da morte en accidente de Carme, irmá do autor, en novembro de 1999. En *Ónfalos* están as marcas que foi deixando a vida, e a morte reconstrúese a si mesma como algo natural pero triste, un punto de inflexión tras o que só nos queda o recurso da memoria. O escritor levanta a memoria como quen levanta unha parede, con esforzo e poesía, coa necesidade de "nas súas palabras- "atar, agarrar, fixar" o que foi a súa irmá xa morta para sempre. Falo con Lois Diéguez nun bar e hai ruído de televisión e vida. Falamos da morte. Eu necesito falar da morte e él creo que tamén. De feito sinala que tras un momento tan trágico como a morte dun ser querido "é moi importante a palabra, falar moitísimo". Para ir curando a ferida. Para atravesar a Nada. Para seguir nós vivindo.

É un home tranquilo, de paz. A paz dunha vaca nun prado da aldea, sentindo fondura, aire, liberdade. Hai nos seus ollos a mesma nostalgia que hai no seu libro. Hai tamén desesperación na súa calma, como nos poemas. Coméntolle que *Ónfalos* é un libro sobre a morte pero moi vitalista, o cal me parece "difícil de conseguir". E él dime que "non é difícil, pois os momentos trágicos e destrutores necesitan de momentos constructores, e a vida e a morte están moi unidas".

Vida e morte, entrelazadas por un enigma, fundamento de culturas e relixións. Ese interrogante. Esa pregunta dura que nos rompe o corazón -non sabemos qué hai tras a morte-. Despois da morte de súa irmá, como "terapia", e como "necesidade", Lois púxose a escribir este libro. A dor foi enorme. Contame que "foi moi duro. Cada poema foi como romperme por dentro. Eu chorei moito escribindo". E engade: "pero dábame certa tranquilidade". Refléxase moi ben en *Ónfalos* esa mirada tranquila cara a morte. Ese benestar, esa sensación de que quera, de animosidade, como cerrando un círculo moi difícil-difícilísimo-de cerrar. A palabra "ónfalos" significa "embiogo, centro". Carme, a súa irmá, era e segue sendo o espazo central da

obra, a persoa que morre e renace nas palabras de amor do seu irmán, a orixe e o final do poema, a persoa que recolle o ramo de flores no cemiterio. O centro dunha cosmovisión na que, como pensa Lois Diéguez e como decía Pindaro, "*Ónfalos* é unión de tres mundos: trasmundo ou mundo da morte, terra ou mundo dos vivos, e o ceo, o enigma, o sagrado". As catedrais, os menhires, os monumentos...reflexan este camiño inqueadante, inseguro. Este andar dos seres humanos pola vida e pola Historia, camiñando contentos pero tristes, vivos pero mortos, con máis dudas que seguridades. Sempre no inferno da incertidume, e soportando os golpes, as guerras, a dor.

Pero a palabra, nesta conxunción, é importante, moi importante. O seu poder é moi grande. Lois opina que ante a morte "cada persoa busca unha saída distinta, segundo as armas que posea". A arma do poeta é a linguaxe, esas flores, eses poemas serenos, lúcidos, interesantes, intensos, vivos, que encontramos neste libro. O que quixo facer -e conseguiu-neste libro Lois Diéguez foi, humildemente, suavemente, finalmente, "facer inmortal a miña irmá Carme". Era unha necesidade absoluta, grande. Adicarlle a ela o último bico, nesa fronteira difícil do accidente que os separou. Porque, nas súas palabras, "ante a morte sempre nos rebelamos, non a queremos aceptar". Poemas-foto, poemas-paredes, poemas que reconstrúen unha vida desaparecida coa que o poeta conviveu. Eran irmáns. Compartiron a infancia. Compartiron nos últimos anos unha casa bonita e grande. Compartiron os dous o soño de estar vivos. Dime Lois, con tenrura, que "eu coas persoas encárrifome interiormente, máis que demostralo no exterior" e que "a unión con miña irmá era moi forte". A reacción do poeta foi reconstruír nos poemas o pasado, o que viviran xuntos. As casas do tío cura nas que pasaban as vacacións de verán durante a infancia e adolescencia. As paisaxes, o ánimo que lles infunden as paisaxes, ese panteísmo importante. A casa na que pasaron xuntos os últimos anos. Os obxectos, que recobran vida, que falan. Lugares como un mural enorme, nos que é fácil e é duro recordar. Os lugares son moi importantes neste libro. Representan unha esencia viva que nunca morre, que é eterna. Un refuxio tamén do poeta, no que entra, no que pasea, no que anda, no que trata de sentirse vivo, a pesar de toda a dor. E aí radica o forte vitalismo deste libro bonito de poemas, no que todo está no seu sitio, no que nada falta nin sobra. Porque é ante todo un libro moi humano, moi íntimo, moi vivido. Non hai máscara. Non hai mentira, hai nudez espiritual, nudez da palabra, concreción, verdades. Verdades grandes, inmensas. Poemas-foto que fan revir e resistir e reaxir. Poemas-paredes ante unha existencia insufrible, que erguen a memoria.

A memoria é esa fina chuva, tan galega, que nos queda cando nos vai morrendo a xente que tanto quixemos. Esa finísima auga, ese finísimo alento, esa forza, que alimentamos cando pasa o tempo. A vivencia galega da morte, nos ollos deste poeta grande, que afirma que "o culto aos mortos explicase polo enigma e o interrogante, pero tamén polo amor". Amor é unha palabra grande, a palabra máis grande que existe, a palabra que máis nos move.

A cultura, ante a morte, crea o rito e o símbolo. En Galicia, segundo o autor deste libro, "hai unha conexión cos mortos que é riquísima". O rito e o símbolo son os poemas. Poemas que son música. Poemas que son oración. Poemas dun galego ante a morte. Poemas vivos nos que hai sitio para a nostalgia e queda sitio para a ilusión. Palabras de sangue cando rompen as veas. Palabras tranquilas, relaxadas, que nos tranquilizan, que nos relaxan, que nos axudan. Despois de todo o desgarrar e a dor, despois de todas as preguntas. Despois queda a paisaxe, os lugares, as cousas, que nos unen ao ser morto. E queda a memoria, esa casa grande e nova que levantamos, que o poeta levanta.

Foi duro falar con Lois Diéguez destes temas, e foi ao tempo tranquilizador para min. Falamos doutros temas, máis alleos ao tema do poemario e da nosa conversa: esa morte redimida...Falamos da poesía, preguntille se está en crise. El díxome "a poesía non está en crise. O que está en crise é o mundo". E explicou que "está en crise a palabra, está en crise o humano, está en crise o diálogo". E os avances tecnolóxicos non axudan. E, na súa opinión, "hai unha arañeira do poder político e económico que quere que a palabra non sexa importante, o cal pode producir un silencio". Un silencio, que sería unha catástrofe. Un silencio que sería unha ferida enorme nos ollos da xente. E antes de que ese silencio nos venza, a poesía serve para recordarnos que estamos vivos. Para vencer tamén o silencio da morte. Para levar flores ao cemiterio. Ou poemas. Poemas tranquilos que nos reafirman, que nos animan, que nos axudan. Lois marcha a Lugo despois da entrevista e eu quedo en Santiago, pensativa, contenta, como se quedasen moitas razóns para vivir, escribir, superar a horrible morte, seguir no camiño transparente e bonito da memoria.

IUPEgOMEZ